

CONVENIO ESPECÍFICO ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E ASTRAZENECA FARMACEUTICA SPAIN, S.A. PARA A POSTA EN MARCHA DO PROXECTO "GaliON ERC AVANZA" (ES-2024-1029)

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e ASTRAZENECA FARMACEUTICA SPAIN, S.A. asinaron o 04.06.2026 o convenio arriba referido. O prazo de vixencia deste convenio vai dende a data da súa sinatura até o 04.06.2028.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre as partes para a posta en marcha nas sete áreas sanitarias de Galicia, do proxecto "GaliON ERC AVANZA" (ES-2024-1029).

Segundo o recollido nas cláusulas do convenio, a execución do citado proxecto fundaméntase *"en la capitalización del éxito alcanzado en las fases precedentes, en las que se desarrollaron algoritmos de soporte a la decisión clínica y se validó su eficacia mediante un pilotaje en el Área Sanitaria de Ourense. En esta nueva etapa, las partes se comprometen a la transferencia de dicho conocimiento y a su implantación efectiva en la totalidad de las áreas sanitarias del Sistema Público de Salud de Galicia.*

Para alcanzar la transformación del modelo asistencial de la Enfermedad Renal Crónica (ERC), el proyecto se desarrollará a través de las siguientes líneas de actuación:

- 1. Implementación de las herramientas digitales y los algoritmos de identificación temprana de pacientes en las siete Áreas Sanitarias del Sistema Público de Salud de Galicia.*
- 2. Mejora de la práctica asistencial mediante el uso sistemático de los listados de seguimiento y estratificación generados por las soluciones tecnológicas, permitiendo una intervención proactiva y personalizada.*
- 3. Consolidación de un marco de trabajo uniforme en toda la comunidad que garantice la equidad en el acceso a la innovación diagnóstica, la mejora de los resultados en salud y la eficiencia en la gestión de los recursos públicos.*
- 4. El Servicio Gallego de Salud liderará la gobernanza del despliegue, contando con el soporte técnico y el asesoramiento especializado de AstraZeneca para asegurar la correcta transferencia de las lecciones aprendidas durante el pilotaje."*

Para levar a cabo este proxecto, Astrazeneca comprométese á posta ao dispor e participación dos seus técnicos expertos nas discusións e debates, na medida en que a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde



considéreo oportuno e valioso para o avance do Proxecto. AstraZeneca achegará a información necesaria para aplicar o coñecemento obtido no piloto levado a cabo inicialmente en Ourense ao resto da comunidade e actividades de difusión.

Pola súa banda o Servizo Galego de Saúde, comprométese a levar a cabo o despregamento do proxecto, centrado na mellora do control e seguimento da patoloxía utilizando os datos e as solucións tecnolóxicas actuais e futuras do Servizo Galego de Saúde como *driver* de cambio.

Todas estas actividades irán dirixidas a:

- Integrar o algoritmo de detección e as listaxes de pacientes nos sistemas de información de todas as Áreas sanitarias do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- Executar procesos de cribado para diagnosticar novos pacientes e revisar o tratamento dos xa existentes segundo os criterios do proxecto.
- Formar aos profesionais sanitarios no uso das novas ferramentas dixitais.
- Seguimento de impacto: Avaliar os resultados clínicos e a eficiencia do modelo tras a súa implantación rexional.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non podían satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

